

NOVIDADES
III PLAN DE RESCATE DA
XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA II - AUTONOMOS/AS INDIVIDUAIS E
AUTÓNOMOS/AS OU EMPRESAS CON ATA 10
TRABALLADORES/AS OU ATA 25 TRABALLADORES/AS
CUN VOLUME DE FACTURACIÓN DE ATA 2 M € (TR600B)
[Actualizada a 13/07/2021]

Aberto o prazo ata o
30 de setembro

Orzamento:
50.000.000 €

Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras autónomas en alta no RETA ou Réxime do Mar por conta propia e profesionais individuais ou con persoal contratado (ata 10 persoas).

Empresas de ata 25 persoas traballadoras e cun volume de facturación ata a 2 millóns de euros.

- ✓ Axudas **compatibles** con outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas.
- ✓ Axuda **incompatible cos programas TR600A e TR600C**, podendo acceder a un único programa por persoa beneficiaria.

Requisitos

1. Ter **domicilio fiscal** en Galicia.
2. Acreditar unha **caída de volume de operacións declarado ou comprobado** no 2020 de **máis do 30%** respecto ao 2019.
3. Ter **cantidades pendentes de pago** a provedores ou acredores de custos **devengadas** entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021 (contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021).
4. Ter **pagos pendentes a 31 de maio de 2021** aínda que xa estivesen realizados na data de presentación da solicitude.
5. Ter **resultado positivo** no exercicio 2019 (excepcionalmente con resultado negativo se pode acreditar solvencia económica polas vías previstas na convocatoria).
6. **Estar ao corrente** coa AEAT, ATRIGA e Seguridade Social.
7. Non ter solicitado concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente nin atoparse en declaración de concurso.*

* Salvo que exista convenio que teña adquirido eficacia

Novidade (modificación da orde DOG 13 de xullo)

No caso de actividades económicas **non incluídas no Anexo I do Real Decreto-Lei 5/2021**, a caída do volumen de operacións do ano 2020 respecto do ano 2019 será de **máis dun 30%**.

Destino da axuda | Gastos subvencionables

Obrigatoriamente a persoa beneficiaria debe destinar a axuda:

- En **primeiro lugar**, ao pago das débedas a provedores e outros acredores non financeiros, así como os custos fixos nos que incorrera, **por orde de antigüidade** e,
- Se procede, en **segundo lugar** a reducir o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.

No caso de préstamos ou pólizas de crédito

- Constituídos entre 1 de marzo de 2020 e 12 de marzo de 2021, o pagamento poderá abranguer as cotas pendentes entre o 1 de marzo de 2020 e 31 de maio de 2021. E se prevén a amortización ou cancelación anticipada, **o pagamento poderá abranguer a totalidade da débeda pendente**.
- Para préstamos ou pólizas de crédito anteriores ao 1 de marzo de 2020, o pagamento poderá comprender as cotas pendentes/importes dispostos entre os días 1 de marzo de 2020 e 31 de maio de 2021.

Pago anticipado do
100% da axuda

Contía da axuda

Segundo a caída do volume de operacións	Incremento por persoas contratadas
Máis do 30% e ata o 60% → Máx 6.000 €	De 4 a 9 → 1.000 €
Máis do 60% e menos do 70% → Máx 7.000 €	De 10 a 20 → 2.000 €
Do 70% ou máis → Máx 8.000 €	De 21 a 25 → 3.000 €

Cálculo do importe máximo da axuda conforme RD-L 5/2021 (art. 3.2, b)

- Persoas empresarias ou profesionais que apliquen o réxime de estimación directa no IRPF. 40% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019
 - Empresas, entidades, persoas profesionais e establecementos permanentes que teñan un máximo de 10 persoas traballadoras. 20% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019
 - Empresas, entidades, persoas profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 persoas traballadoras. 20% do importe da caída do volume de operacións que supere o 30% de caída respecto do 2019
- o A axuda solicitada deberá ser **igual ou menor** que as cantidades pendentes de pago

Supostos excepcionais de baixada do volume de operacións

Altas (ou cambios estruturais) realizadas ao longo do ano 2019

A baixada de volume de operacións calcularase comparando o **volume medio mensual** dos meses con actividade do ano 2019 co **volume medio dos doce meses** do ano 2020.

Altas (ou cambios estruturais) entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de marzo de 2020

A baixada do volume de operacións calcularase comparando o **volume medio mensual** dos meses con actividade do primeiro trimestre do 2020 coa **media mensual dos tres trimestres restantes** do ano 2020.